



In memóiriam

## Afonso Zulueta: In memóiriam dende a gratitude

---

Engracia Vidal

Galiza acaba de perder un home bo. Morreu un bo profesional, un bo empresario, un bo home, un bo amigo, un bo cristián. Non o digo eu. Díxonolo Xesús cando nos ensinou as benaventuranzas. Se as repasamos comprobaremos unha positiva semellanza entre o modelo e o imitador.

Coñecino moi a principios dos anos sesenta, e por unha razón nada feliz. Algo profesional relacionado coa morte do meu pai. E teño que dicir que non me foi un máis. Afonso xa quedou no meu listado de «preferentes»... Logo choveu moito ata que no 1975, cando se decidiu pñer a andar unha *revista galega de pensamento cristián*, que acabou sendo ENCRUCILLADA, atopeino de novo. A persoa era a mesma. A relación moi distinta. Reencontrábao como membro fundador e directivo da Editorial SEPT, metido na faena de conseguir permiso governamental, para unha publicación de «pensamento cristián». Non era tan doado, porque a marca de cristiá, non compensaba suficientemente o seu primeiro apelido de *galega* (e *en galego*...). Franco estaba vivo.

O permiso tardou dous anos. Por iso non saímos ata febreiro do 1977. Afonso e Quico Domínguez saben de lentitudes, de reclamacións e de xenerosidade. Nese tempo foise creando a relación. Veuse incrementar cando el foi de Notario a Ferrol, onde eu estaba por mor da revista, vindo a Marín nas fins de semana. E varias veces compartimos as viaxes de catro horas longas para percorrer a mesma distancia que hoxe facemos en pouco menos de dúas. Tempo suficiente para poder valorar coas mellores notas a súa valía humana e cristiá que traducían todos os seus xestos. Algún *pinchazo* incluído que me fixo coñecer a súa reacción, non precisamente

dun experto en mecánica, aínda que soubo amañalo, pero todo un exemplo de bo aceptar, de bo facer, e exquisita educación.

As relacións coa revista foron sempre de total desinterese e apoio. Estivemos dependendo de SEPT ata o número 50 incluído. E desde xaneiro do 1987, co número 51, saímos con Irimia como editora, tamén por razóns económicas de administración<sup>1</sup>.

Isto que relato, se non o dicimos nós , non se saberá. En troques outras moitas virtudes e bos faceres da súa vida, poderán dicilo moitas persoas que o trataron e recibiron as súas xenerosidades. Lembro o noso himno, e Afonso axústase totalmente ó grupo de «os bos e xenerosos». Seguro que Deus xa o coroou. Graciñas, Afonso. Ti segues a vivir entre nós!

**Engracia Vidal Estévez**  
Secretaria da Asoc. Encrucillada

---

1 En xaneiro de 1995, e desde o n.º 91 ENCRUCILLADA fíxose editorial, tamén por razóns de economía... e así seguimos.